

MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego
“Luis Freire”

Volume 22
2019



GRUPO MICOLÓGICO GALEGO

DERMOLOMA CUNEIFOLIUM NOVO PARA GALICIA

por

M. GAREA¹ & O. REQUEJO²

GAREA, M. & REQUEJO, O. 2019. *Dermoloma cuneifolium* novo para Galicia. *Mykes* 22: 13-17.

Resumo

Descríbese unha recolección do taxon *Dermoloma cuneifolium* do que non hai rexistros bibliográfico anteriores para Galicia. Ademais apórtase documentación gráfica da especie estudada.

Palabras clave: *Dermoloma*, *Basidiomycota*, coroloxía, Pontevedra, Galicia.

GAREA, M. & REQUEJO, O. 2019. *Dermoloma cuneifolium* new for Galicia. *Mykes* 22: 13-17.

Summary

A collection of the taxon *Dermoloma cuneifolium* is described, of which there are no previous bibliographic records for Galicia. In addition, graphic documentation of the studied species is provided.

Keywords: *Dermoloma*, *Basidiomycota*, chorology, Pontevedra, Galicia.

INTRODUCCIÓN

O xénero *Dermoloma* J.E. Lange ex Herink (*Agaricales*, *Basidiomycota*) caracterízase pola súa cutícula de tipo himenoderma, composta por elementos de subglobosos a anchamente cravados (ARNOLDS, 1995), así o distinguimos de

¹Camiño da Fonte 9, Penís Cabral, Vigo. E-36215, Pontevedra; e-mail: mgarea2@gmail.com

Membro da *Agrupación Micolóxica "A Zarrota"*

²San Xurxo, A Laxe 12b, Salceda de Caselas. E-36470, Pontevedra; e-mail: oscarequejo@hotmail.com

Membro do *Grupo Micolóxico Galego Luís Freire*

xéneros macroscopicamente similares como *Tricholoma* (Fr.) Staude ou *Tephrocybe* Donk. De feito sempre se relacionou con *Tricholomataceae*, pero filoxeneticamente presenta afinidades con *Agaricaceae* (ANIL RAJ *et al.*, 2014).

O INDEX FUNGORUM (*en liña*) recolle 26 taxa en todo o mundo, de elas en Galicia non se recolle ningunha especie de dito xénero.

METODOLOXÍA

O material foi recollido e fotografado *in situ*, tamén se tomaron notas do hábitat e dos caracteres fugaces como os organolépticos ou as medidas. Posteriormente deshidratouse e etiquetouse para a futura revisión microscópica. As observacións microscópicas fixéronse cun microscopio óptico e obxectivos 40X e 100X en inmersión. Os reactivos utilizados foron o hidróxido potásico (KOH 10 %) para a hidratación e vermello Congo en solución amoniaca para as tincións. As medidas tomáronse cun micrómetro inserido nun dos oculares, e as fotografías microscópicas fixéronse cunha cámara réflex axustada ao microscopio.

O material estudado foi depositado na micoteca LOU-Fungi (Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán, Pontevedra) e para a revisión corolóxica, utilizouse o recurso MICOGA na web do Grupo Micolóxico Galego (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, *en liña*)

RESULTADOS E DISCUSIÓN

***Dermoloma cuneifolium* (Fr.) Singer ex Bon, *Doc. Mycol.* 17(65): 51. 1986 [Fig. 1]**
= *Dermoloma cuneifolium* var. *punctipes* Arnolds, *Persoonia* 14(4): 529. 1992

Material estudado: Pontevedra, Vigo, Cabral, Cotogrande, 29TNG2974, 332m, nun claro entre *Pinus pinaster* e *Quercus*

rubra, onde adoitan pacer cabras e ovellas, 23-XII-2018, *M. Garea*, LOU-Fungi 21073.

Píleo de ata 40 mm de diámetro. Convexo con un pequeno e baixo mamelón, despois plano e en algúns casos ata deprimido. Lixeiramente higrófono, en húmido brillante, opaco en seco. Borde fendido e en algúns exemplares irregular. Cor pardusca co centro que pode ser máis saturado e a zona exterior máis clara, abrancazada de novo. Láminas non moi apertadas, con lamélulas, anchas, ventradas, adnatas ou decurrentes por un dente, gris claro, na madurez pardean un pouco.

Pe igual ou algo máis longo co diámetro do sombreiro, sedoso con fibrillas lonxitudinais abrancazadas, fráxil; ensanchado do ápice cara a base, concolor coas láminas, en algúns exemplares se observan unhas granulacións agrisadas.

Carne branca que desprende un intenso cheiro e sabor fariñento.

Esporas de 4,3-5 x 5-7,5 µm, anchamente elipsoides, cun prominente apéndice hifal que ronda 1 µm. Basidios craviformes, tetraspóricos de (4,5) 5-8 x 15-35 µm. Pileipelis himenodérmica formada por elementos terminais globosos, cilíndricos e piriformes de ata 17,5-35 x 30-70 µm. Caulocistidios craviformes, 4-10 x 25-50 µm, catenulados, a miúdo con fortes incrustacións. Fíbulas observadas en tódalas estruturas. [Fig. 2]

O material estudado concorda co as descrições da bibliografía consultada (ARNOLDS, 1995). BREITENBACH & KRÄNZLIN (1991) amosan unhas medidas esporais algo menores, ata 5,9 µm de lonxitude así como as células terminais da pelis, que roldan os 40 µm. ARNOLDS (1995) distingue dúas variedades *cuneifolium* e *punctipes*, a nosa colección coincide coa variedade *punctipes*, debido a ornamentación do terzo alto do estipe, composta por pequenas verrugas pardo agrisadas e caulocistidios septados con grosas incrustacións. Decídese citalo como *Dermoloma cuneifolium* seguindo o INDEX FUNGORUM (*en liña*), que considera sinónimas as dúas variedades.



Fig. 1. *Dermoloma cuneifolium* (fotografía Manuel Garea).




Fig. 2. *Dermoloma cuneifolium*: A. Pileipellis; B-C. Caulocistidios; D. Esporas.

E una especie propia de pastos e claros herbosos de bosques, con preferencias por pH neutros a calizos (ARNOLDS, 1995), repartida polo mundo maioritariamente por zonas temperadas (ANIL RAJ *et al.*, 2014). A pesar de que o sur oeste galego e potencialmente silíceo, e posible que a zona de recolleita teña un pH relativamente máis básico, xa que tamén frutifica na zona *Calocybe gambosa*.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ANIL RAJ, K.N., DEEPNA LATHA, K.P., PARAMBAN, R. & MANIMOHAN, P. 2014. Two new species of *Dermoloma* from India. *Phytotaxa*, 177(4): 239-243.
- ARNOLDS, E.J.M. 1995. *Dermoloma* J.E. Lange ex Herink. En: C. Bas, Th.W. Kuyper, M.E. Noordeloos & E.C. Vellinga (eds.). *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of Agarics and Boleti occurring in the Netherlands*, Vol. 3: 120-179.
- BREITENBACH, J. & KRÄNZLIN, F. 1991. *Champignons de Suisse. Tome 3. Bolets et champignons à lames, 1ère partie*. Lucerne. Ed. Mykologia.
- INDEX FUNGORUM. 2019. *Dermoloma cuneifolium* [en liña]. Dispoñible en: <http://www.speciesfungorum.org/Names/SynSpecies.asp?RecordID=129540> [Consulta: 25-III-2019].
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L. 2018-2019. *MICOGA. Base de datos de información corolóxica da micobiota galega* [en liña]. Dispoñible en <https://www.mykes.es/busquedas> [Consulta: 5-III-2019].